# Filosofía da Linguaxe

1º BACH

# Filosofía da linguaxe. Ferdinand Saussure

- **Ferdinand Saussure** (1857 – 1913) é considerado como o **pai da lingüística.**






# Filosofía da linguaxe. Ferdinand Saussure

Unha **palabra** sería un ***signo*** lingüístico.

**Lingua**

**Significado (*signifie*):** Imaxe ou concepto que expresa

+

**Significante (*significant*):** Letras e sons(fonemas)

**Signo**



# Filosofía da linguaxe. Ferdinand Saussure

A palabra bolboreta (*papillon*) en francés tamén serve para designar unha polilla, polo que é evidente que as **palabras non designan características específicas dun obxecto**, e **non existe unha correspondencia natural entre palabras e obxectos**, senón que –en ocasións- e circunstancial, convencional e contextual. É o que se coñece como **arbitrariedade da linguaxe**.

***Papillon***
*(bolboreta)*



***bolboreta***



***polilla***



***Cho (bolboreta)***

***Ga (polilla)***



As polillas son nocivas para os campos de arroz. É preciso distinguilas das bolboretas

# Filosofía da linguaxe. Ferdinand Saussure

Dito doutro modo:

- As **palabras non representan características obxectivas dos obxectos**. Se así fose, en francés tería que haber unha palabra distinta para polilla e bolboreta xa que son animais obxectivamente distintos.
- En Xapón sí que existe unha palabra para polilla e para bolboreta, por que? Porque había unha necesidade de distinción (**circunstancia**) entre un animal nocivo e outro inofensivo e, en consecuencia se creou unha palabra nova (**convención**).

# Filosofía da linguaxe. Ferdinand Saussure

- A realidade é un **continuo**, non un conxunto de entidades cun nome asignado.
- **Somos nós o que damos existencia aos elementos ao nomealos.**
- Ao nomear os obxectos, e darlles existencia, **delimitamos o mundo mediante as palabras**.



Sabías que no idioma *Inuit* non existe a palabra palmeira?. Iso implica que para eles, sen ningunha experiencia delas, non existen as palmeiras.

# Filosofía da linguaxe. Ferdinand Saussure

- Por que delimitamos o mundo mediante a linguaxe?
- Porque **os significados (conceptos) xorden por oposición** (azul =/= verde || verde =/= vermello) **delimitando a realidade**. "O azul, non é verde, non é laranxa ,etc..")



# Filosofía da linguaxe. Ferdinand Saussure

- Co pensamento ocorre o mesmo. **A linguaxe non é un simple medio de comunicar o pensamento, senón que -polo contra- determina o pensamento.**
- Para Saussure, o pensamento é unha «**masa amorfa e indistinta**» = **carace de estrutura**. A estrutura a vai proporcionar a a linguaxe.
- A **linguaxe** é unha sorte de **prisión mental** da que non podemos escapar

# Filosofía da linguaxe. Ferdinand Saussure

- É dicir, se na nosa lingua –según Saussure- non existira a palabra ***compaixón*** sería, moi difícil –ou imposible- non só razonar ou pensar sobre ela, senón tamén comportarnos compasivamente.
- Isto é porque o individuo –ao non posuír a palabra- non é quen de identificar a diferencia / oposición con respecto a outras e, polo tanto, incapaz de analizala.




Compaixón?

# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

## Teoría figurativa da linguaxe

# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- A ***teoría figurativa da linguaxe***, afirma que a **linguaxe é unha representación do mundo.**
- **O mundo real = totalidade de feitos do que acontece.**
- **A linguaxe é unha colección de proposicións** (unión entre suxeito (S) e predicado (P) que pode ser verdadeiro ou falso) → "A auga está quente"



# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- As **proposicións *verdadeiras*** son aquelas que **expresan un feito real** → "O sol sae polo leste". Son as propias das ciencias naturais
- Todo feito real ten unha proposición verdadeira **= hai tantos feitos reais como proposicións verdadeiras** → *Teoría Figurativa.*




**Se analizamos as proposicións analizaremos o mundo**

# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- Regras:
  - **De cada proposición se ten que poder dicir que é verdadeira ou falsa** (deben ser verificables) → "O gato está no Tellado".
  - **As proposicións non verificables** ("Deus existe", "A ignorancia é felicidade" **carecen de sentido e representan un uso incorrecto da linguaxe.**

# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- É dicir, **o que non é verificable, non é verbalizable** → A **filosofía tradicional** non é máis ca un mero discurso académico resultado dun uso incorrecto da linguaxe.
- Para Wittgenstein a **filosofía tradicional intentou poñer en palabras preguntas non verbalizables como a xustiza, Deus, moral, etc.**



# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- Polo tanto para Wittgenstein, o **verdadeiro papel da filosofía é determinar os límites entre o que sí se pode verbalizar e o que non.**
- A **filosofía** -segundo Wittgenstein- debería **gardar silencio fronte aquilo que non é expresable coa linguaxe.**

# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

## Tratado lógico-filosófico

- 1 El mundo [Welt] es todo lo que es el **caso** [Fall] → Proposición elemental
  - 1.1 El mundo es la totalidad de los hechos [Tatsachen], no de las cosas [Dinge].
    - 1.11 El mundo está determinado por los hechos y porque son todos los hechos.
    - 1.12 Pues, la totalidad de los hechos determina lo que es el caso y también todo lo que no es el caso.
    - 1.13 Los hechos en el espacio lógico son el mundo.

  (1.1–1.13) → Deducción lóxica de proposicións máis complexas
  - 1.2 El mundo se descompone en hechos.
    - 1.21 Uno puede ser el caso o no ser el caso y todo lo demás mantenerse igual

# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

## Tratado lógico-filosófico

O que sucede no mundo

- 1 El mundo [Welt] es todo lo que es el **caso** [Fall]
  - 1.1 El mundo es la totalidad de los hechos [Tatsachen], no de las cosas [Dinge].
    - 1.11 El mundo está determinado por los hechos y porque son todos los hechos.
    - 1.12 Pues, la totalidad de los hechos determina lo que es el caso y también todo lo que no es el caso.
    - 1.13 Los hechos en el **espacio lógico** son el mundo.
  - 1.2 El mundo se descompone en hechos.
    - 1.21 Uno puede ser el caso o no ser el caso y todo lo demás mantenerse igual

Conxunto de todas as posibilidades

As cousas non teñen valor en sí mesmas senón como están conectadas entre sí

Unha proposición pode ser V / F e non afecta a outros feitos.

# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

## A Conexión Lóxica: Límites da Linguaxe e do Mundo

1. O mundo é a totalidade dos feitos

2. O pensamento e a linguaxe son *figuras* (representacións) dos feitos

3. A *proposición lóxica* (a frase con sentido) é a *figura* (representación) da **realidade**.

4. A capacidade da **linguaxe** determina os **límites do pensable.**

# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- **Se a linguaxe determina os límites do que podo pensar e a *proposición lóxica*** (representación da realidade) **é froito do pensamento → A representación da realidade está limitada pola linguaxe**

↓

5. **Os límites da linguaxe son os límites do meu mundo**

# Wittgenstein

Texto 1:
proposición 6.53
(p.109)



# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

| 1ª Etapa. Teoría figurativa | 2ª Etapa |
|---|---|
| • *Tractactus Logicus - Philosophicus*<br>• Se **analizamos a linguaxe** a través das proposicións que poden ser verificables –e as que non tamén- poderemos **analizar o mundo.**<br>• A **misión da filosofía** é **determinar os límites** do que é **verbalizable** e o que non. | → ? |

# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- Wittgenstein na súa segunda etapa dase conta que **a linguaxe científica non é anterior a linguaxe cotiá, senón que é ao contrario.**
- Isto implica que para **analizar o mundo hai que analizar a linguaxe cotiá e non a científica**.



# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- Ademais dase conta de algo importante: **a linguaxe cotiá non ten unha correspondencia 1:1 con respecto aos feitos**, como a linguaxe científica. É dicir, o que dicimos non sempre se corresponde cunha realidade 100% obxectiva.

"Fai bo tempo"

- "Podo ir de excursión"
- "Podo saír sen paraugas"
- "Está chovendo" (imaxínate unha sequía prolongada)
- (código entre individuos) "O profe non está vixiando, podemos copiar"

# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- É dicir, o **significado** das proposicións na linguaxe cotiá **varía en función do momento e a situación.**
- Wittgenstein afirma que **se descoñecemos as normas que regulan este tipo de conversacións** non poderemos entender a linguaxe cotiá.



# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- Wittgenstein chama ***xogos da linguaxe*** aos **cambios de significado en función do momento e as situacións**.
- Isto implica que a **linguaxe** non é estática, senón creativa e pode ter regras diversas como os xogos.
- Estas **regras** –segundo Wittgenstein- **só se poden coñecer durante a práctica cotiá**



# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- Vai máis aló e **nin sequera existen significados unívocos para as palabras.**




A palabra xogo expresa **relacións de similitude entre diferentes elementos.**

Todos teñen algo en común, pero ningún é igual, coma nunha familia. A este parecido Wittgenstein lle chama ***parecido de familia***.

# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

**Por que o entremento ou o reto non poden ser a esencia dun xogo segundo Wittgenstein?**



# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- Os ***parecidos de familia*** permiten entender que dentro do mesmo concepto, poidan existir elementos con poucos puntos en común e, a pesar de todo, estares englobados baixo o mesmo concepto.



# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

Segundo Wittgenstein, **non podemos afirmar que os conceptos posúan unha característica esencial,** senón unha serie de características ou semellanzas solapadas e conectadas que conforman o concepto.

A filosofía debe centrarse en estudar os diferentes usos que se lle poidan dar aos conceptos

**Concepto: Xustiza**

**Xustiza Legal**

"O cumplimento da lei é xustiza"
"A lei ampara aos delincuentes"

**Xustiza Distributiva**

"É inxusto que algún teñan tanto e outros tan pouco"
"Teño tanto porque traballei moito"

**Xustiza Retributiva**

"Os delincuentes teñen que pagar polo que fan" → Problema: O "pago" pode ser relativo para cada individuo.

# Filosofía da linguaxe. Ludwig Wittgenstein

- Wittgenstein cos **xogos da linguaxe** e os **parecidos de familia** demostra que:
    a) A **linguaxe non é un espello do mundo** (como antes cría)
    b) **Falar é proceder / actuar**, non describir.
    c) O **pensamento humano** é máis **flexible** ca linguaxe científica
    d) Moitos dos **problemas filosóficos tradicionais** son **falsos**, **resultado de buscar unha esencia dos conceptos** ("cal e a esencia do xogo?") cando, en realidade, se poden dar diferentes usos do mesmo concepto.



# Wittgenstein

Texto 2: proposición 23 (p.109)

